

H. Pousa Ortega (2004): “A ditongación goianesa. Unha evolución particular do /ε/ tónico galego”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 383-392.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

A DITONGACIÓN GOIANESA. UNHA EVOLUCIÓN PARTICULAR DO /ɛ/ TÓNICO GALEGO

Helena Pousa Ortega

IB San Paio. Tui

1. INTRODUCCIÓN: UN FENÓMENO CURIOSO, PERO NON ALLEO

Todo o que a nivel lingüístico resulta diferente é motivo de curiosidade, porque non se considera propio da comunidade lingüística na que se desenvolve. Tal é o caso do fenómeno da ditongación goianesa; ditongación que se vinculou ás repoboacións con xente asturiana en tempos da Reconquista¹. Cando eu realicei o miña memoria de licenciatura², alá polo ano 85, cheguei a conclusións ben diferentes por canto a ditongación desta fala só se pode explicar se se ten en conta qué ocorreu no sistema lingüístico galego.

O fenómeno rexístrase nunha pequena área do Baixo Miño, que vén coincidindo coa maior parte dos barrios da parroquia de Goián, no concello de Tomiño. Non podó trazar exactamente as isoglosas da súa extensión porque nestes últimos tempos houbo importantes cambios poboacionais que fixeron varia-la configuración deste núcleo de poboación, antes moito máis endogámico, e cunha homoxeneidade cultural e grupal máis forte.

A parroquia non chega ós dous mil habitantes, pero a cifra non coincide co número de usuarios desta variante diatópica. En primeiro lugar, porque non se rexistra de maneira uniforme en tódolos falantes e, en segundo lugar, porque non se dá coa mesma intensidade en tódolos barrios. Non se pode dicir que sexa máis empregada polas mulleres ca polos homes, ou que se dean outras variables de uso dependendo doutras circunstancias. O que si se pode percibir é que hai persoas que a falan con máis “constancia” ca outras ou que “semella” que pronuncian con máis claridade os ditongos; ditongos que persoas de fóra non sempre son quen de reproducir con fidelidade.

¹ Esta hipótese é defendida polo historiador Fernández Rodríguez, 1958, p. 5.

² Pousa Ortega, *A fala de Goián. Estudio descriptivo*, Universidade de Santiago de Compostela, 1987, inédita.

Hai uns quince anos, cando eu comecei a facer enquisas e entrevistas a falantes de máis de corenta anos, algúns deles xa desaparecidos, aínda se podía considerar unha fala con vitalidade. Nos últimos anos, e en menos de tres xeracións, o seu uso descendeu alarmantemente, principalmente por dous motivos:

- O máis importante é o abandono do goianés como variante oral secundaria por parte dun grupo de falantes, a maioría fortemente urbanizados, do mesmo xeito que se abandona o galego noutros lugares de Galicia por seguir funcionando como lingua secundaria fronte ó castelán.
- Outro dos motivos, de natureza diferente ó anterior e con menos efectividade, é a introducción do ensino do galego na escola. Por unha parte, os mestres non falan o mesmo galego cós rapaces e, por outra, proxéctase unha “devoción” esaxerada pola lingua estándar como único modelo a usar oralmente; con todo e a pesar destas influencias, aínda lles resulta ben difícil abandonar algúns dos trazos dialectais máis característicos da zona, como o teísmo, o mantemento do wau (*cuando, cuatro*), etc.

Desde logo que o futuro desta fala non está escrito pero case se pode predicir, tendo en conta que a transmisión familiar é demasiado feble e que dunha ducia de nenos que o ano próximo comezarán preescolar, tan só unha minoría usa o goianés como lingua primeira.

2. ¿EN QUE CONSISTE ESTA DITONGACIÓN?

O fenómeno consiste nunha transformación do fonema vocálico /e/ tónico nun ditongo, de xeito similar ó que sucedeu noutros romances hispánicos. O grupo difonemático resultante presenta tres variantes articulatorias: [je], [ja], [jo], que se fixaron en distribución complementaria dependendo dos elementos fónicos que hai ó final da palabra.

Cando a palabra remata en vocal -e ou nas consoantes -r, -s ou -l, a variante é o ditongo homorgánico [je] (**ciérne, nieve, quier, dies, ties, fiel, perrexiel...**); se a palabra remata en vocal -a ou -o, ou en consoante -n, o ditongo que aparece é [ja] (**tiarra, iarba, castialo, fiarro, rouquián, tamián...**); e o ditongo [jo] cando a palabra remata en -u posvocálica (**miou, tiou e siou**). Os dous primeiros son os de maior rendemento porque aparecen en practicamente tódolos casos (substantivos, adxectivos, verbos). A variante [jo] actualmente pervive nas formas do posesivo masculino e na p3 do Perf. do verbo **dar** (**diou**). Digo actualmente, porque segundo sinala M. Fernández Rodríguez nun traballo do ano 1969³, a p3 do Perf. dos verbos da CII pronunciábase con ese ditongo (*morriou, colliou, comiou...*), pero cando fíxen as miñas gravacións xa non o rexistrei así debido a que a VT dos verbos da segunda, por nivelación analóxica cos verbos da CIII, presentaban como VT un -i- (*comiu, bebiu...*).

³ Fernández Rodríguez, 1966, p. 202.

3.1. ¿A que tipo de palabras afectou?

A ditongación afectou a aquelas palabras que a nivel galego se pronuncian con /ɛ/.
 A maior parte son substantivos e adxectivos que no latín tiñan un Ē breve ou Æ:

abiarta	<	aberta	(APĒRTAM)	iarba	<	herba	(HĒRBAM)
apiarta	<	aperta	(APPRĒTAM)	liebre	<	lɛbre	(LĒPŌREM)
ciaha	<	cegha	(CÆCAM)	miarda	<	merda	(MĒRDAM)
ciarta	<	certa	(CĒRTAM)	miel	<	mel	(MĒL)
cierne	<	cerne	(CERNĒRE ⁴)	niáboa	<	néboa	(NĒBULAM)
cubiarta	<	cuberta	(COOPĒRTAM)	niáboda	<	néboda	(NĒPETAM)
diamo	<	demo	(DÆMON)	niata,o	<	netá	(NĒPTAM)
dies	<	des	(DĒCEM)	piadra	<	pɛdra	(PĒTRAM)
fiel	<	fɛl	(FĒL)	pié	<	pɛ	(PĒDEM)
fiasta	<	fɛsta	(FĒSTAM)	piel	<	pɛl	(PĒLLEM)
fiebre	<	fɛbre	(FĒBREM)	pieste	<	sete	(SĒPTEM)
ghiarra	<	gherra	(WĒRRĀ ⁵)	tiarra	<	terra	(TĒRRAM)

Tamén moitas outras que en galego teñen o sufixo **-ɛla**:

amariala	cadiala	canciala	caniala	chiniala	fontiala
ghamiala	lambodiala	paniala	sarradiala	taramiala	xaniala

3.2. Excepcións á regra anterior

3.2.1. Metafonía de -o final

A nivel galego o [ɛ] etimolóxico dalgúns nomes mudou para [e] por influencia dun **-o** en posición final de palabra. Este pechamento, coñecido como **metafonía nominal**, tivo que ser o que impediu a ditongación en exemplos coma estes:

medo	<	MĒTUM	morcegho	<	MURE(M) CAECUM
testo	<	TĒSTUM	esterco	<	STĒRCUS

E noutras rematadas no sufixo **-ɛlo** (-ĒLLUM):

cotobelo	<	CŪB(I)TUBELLUM	xerelo(xurelo)	<	SAURĒLLUM
-----------------	---	----------------	-----------------------	---	-----------

De tódolos xeitos, como a metafonía de -o non actuou con total regularidade, atopámonos con moitas palabras coa vocal tónica ditongada, sempre de maneira paralela ás que tamén mantiveron o timbre aberto no galego:

abiarto	<	aberto	(APĒRTUM)	ciarto	<	certo	(CĒRTUM)
desiarto	<	deserto	(DESĒRTUM)	fiarro	<	ferro	(FĒRRUM)
inviarno	<	inverno	(HIBĒRNUM)	mialro	<	meIro	(MĒRULUM)
anialo	<	anelo	(ANĒLLUM)	castelo	<	castɛlo	(CASTĒLLUM)
martialo	<	martɛlo	(MARTĒLLUM)	xanialo	<	xanelo	(IAN(U)ĒLLUM)

⁴ Buschmann, 1965, sv *Cernere*.

⁵ Corominas e Pascual, *DECH*, sv *Guerra*.

3.2.2. *Influencia dunha nasal implosiva sobre a vocal de abertura media*

Tamén a influencia dunha consoante nasal implosiva afectou, en parte do galego occidental, ó timbre etimolóxico de moitos nomes. Debemos partir, polo tanto, dunha etapa en que xa se dera este pechamento para que estas formas non ditongasen nesta fala⁶:

cento	< CĒNTUM	dente	< DĒNTEM	pendente	< PENDĒNTEM
pemento	< PIGMĒNTUM	merenda	< MERĒNDAM	semente	< SĒMENTEM
tempo	< TĒMPUM	tenda	< TĒNDAM	testamento	< TESTAMĒNTU
renda	< RĒNDITA	valente	< VALĒNTEM	vento	< VĒNTUM

E moitos outros nomes rematados en -ento/a: **famento**, **ferramenta**, etc.

En cambio, si ditongaron unhas cantas formas que, a pesar da presenza dunha nasal implosiva, mantiveron como excepcións o timbre aberto a nivel galego⁷ e algúns deles poden explicarse:

- por seren produto dunha contracción:

riente < rente < reente < raente < RADĒNTE

quiente < quente < queente < caente < CALĒNTEM

- por tratárense de pronomes e adverbios que son máis remisos ás influencias:

alghián < alghén < ALIQUĒM **quian** < quen < QUĒM

tamián < tamén < TAM BĒNE **bián** < ben < BĒNE

3.3. Ditongación dun [ɛ] non etimolóxico

3.3.1. *Ditongación dun [ɛ] aberto resultante dunha evolución fónica especial no galego*

Unhas cantas palabras, a nivel galego, teñen a vocal tónica aberta como produto dunha crase vocálica. Estes casos tamén ditongaron no goianés:

miestre (miastra) < mestre/ < MAGĪSTER

coriasma < coreśma < quareesma < quaraesma < [QUADRAGĒSĪMA]

fi < fĕ < fee < FĪDEM⁸

E os numerais:

corianta < corenta < quaraenta < quaraenta < QUADRAGĪNTA

sesianta < sesenta < seseenta < sesaenta < SEXAGĪNTA

setianta < setenta < seteenta < setaenta < SEPTUAGĪNTA

novianta < noventa < noveenta < novaenta < NOVAGĪNTA < [NONAGINTA]

3.3.2. *Ditongación dun [ɛ] por metafonía nominal dun -a en posición final*

Temos outras formas ditongadas que poden ser explicadas se aceptámo-la influencia dun -a final como causa da mudanza do timbre pechado para aberto⁹. E, aínda que non

⁶ A ditongación en falas asturianas ou leonesas presenta unhas características propias fronte ó castelán. Algunhas coinciden co goianés, pero outras non. Un caso claro témolo nos diferentes resultados da vocal aberta ante unha consoante nasal implosiva xa que si ditongaron palabras que non o fixeron nesta fala, como *diente*, *simiente*, *tiempo*, ou *alientu*, *ferramienta*, *famientu*, etc.

⁷ Fernández Rei, 1982, p. 260.

⁸ Nunes, 1969, p. 47, cre que a vocal aberta desta palabra se debe a unha crase vocálica, teoría que non é compartida por Williams, 1975, p. 46.

sexa por ese motivo, o que si importa é que as ditongacións do goianés seguen mantendo un total paralelismo co que sucedeu no galego occidental. Entre os vocábulos ós que me refiro están os seguintes:

- iala** < **ɛ**la < ela < ÍLLAM
- aquiala** < aquela < aquela < ACCU ÍLLAM
- bodíaha** < bodega < APOTHĒCAM
- boniaca** (**moniaca**) < monēca < BONNĪCA

3.3.3. Ditongación dun [ɛ] por outros motivos

Aínda que a ditongación das palabras seguintes necesita unha explicación independente en cada caso, de novo temos que partir dunha realización vocálica aberta segundo se rexistra no galego oral:

nieve < *nēve. Polo súa pronuncia no galego e no portugués hai que partir dunha base *nēve lat. vulg., probablemente por influencia de NEBULA¹⁰.

bierce < berce (*BĒRTIUM). A pronuncia con timbre aberto (datos consultados no *ALGa*) pode deberse á influencia dun [r] sobre a vocal tónica.

criado < credo (CRĒDO). A pronuncia con timbre aberto, igual ca outros latinismos e cultismos introducidos pola Igrexa, é a que tivo que servir de base para a ditongación no goianés.

criagho < cregho (CLĒRĪCUM). A forma con pronuncia aberta no galego (datos consultados no *ALGa*) tamén nos permite explicar o resultado ditongado desta fala.

lierme < lerne (*LĪMACE). Igual ca no caso anterior.

papiel < papel (paper < PAPHYRUS). O ditongo tivo que producirse a partir dunha pronuncia con timbre aberto por analoxía con outras formas rematadas en -el.

perrexiel/perrexiala < perrexel (< prov. peresilh < gr. petroselinon). O mesmo ca no caso anterior debemos partir dunha forma con timbre aberto (datos consultados no *ALGa*: pirixel e outras variantes).

3.4. Ditongación en palabras de entrada máis recente na lingua

Como hai bastantes palabras non patrimoniais que tamén ditongaron (cultismos e préstamos), pretendín fixar aproximadamente a partir de que época puido comeza-lo desenvolvemento da ditongación goianesa tendo en conta a data de entrada dalgúns vocábulos, como **credo**, **arenga**, **sentinela** (**criado**, **arianga**, **sentiniala**, no goi.), pero axiña desbotei esta liña de investigación porque sempre poden aparecer outros textos máis antigos e calquera teoría que formulase a partir de datos deste estilo sería en seguida desbotada.

Agora só vou destacar unhas cantas interferencias do castelán que tamén ditongaron no goianés, pois o que temos que preguntarnos é cando e como sucedeu a ditongación destas formas. ¿Penetraría primeiro o castelanismo a nivel galego e adaptaría-se á pro-

⁹ Diversos investigadores puxeron en dúbida a influencia da vocal -a átona final como causa da abertura do timbre dun [ɛ] ou [ó] tónicos. No portugués, entre outros, Inês Louro, 1959, p.111 ou da Silva Neto, 1979, p.138 e, no galego, Porto Dapena, 1977, p. 57.

¹⁰ Corominas e Pascual, *DECH*, sv *Nieve*.

nuncia do galego¹¹, por analoxía con outras formas semellantes con [ε], e a partir desa fase sufriría a ditongación no goianés? ¿ou o que se produciu, en realidade, foi unha adaptación directa ás solucións fónicas do sistema vocálico do goianés por aínda funcionaren os ditongos como arquifonemas dun mesmo fonema en contextos semellantes (*quian*, *bian* → **sartián**)?

Respecto disto teño as miñas dúbidas, pero a ditongación coma en moitos outros casos non actuou ó chou e segue a mesma regra:

ciaghas < *cellas*. As distintas variantes (*ceghas, cexas, cellas*) rexistradas nas falas máis occidentais teñen timbre aberto (datos consultados no *ALGa*).

ieres < *eres*. A realización con timbre aberto tamén está documentada a nivel galego.

ochianta < *ochenta*. Pode tratarse dun ditongo analóxico do que aparece noutros numerais xa comentados (*corianta, sesianta, setianta, novianta*) ou ben dunha ditongación a partir dunha realización aberta no galego.

sartián < *sarten*. Estamos ante o mesma dúbida porque pode tratarse dun ditongo analóxico de formas rematadas en - [ján] (**quian, bian, tamián**) ou dunha ditongación que ten como base o castelanismo adaptado á fonética galega.

3.5. A ditongación no sistema verbal

Trato a ditongación no sistema verbal nun epígrafe á parte porque creo que o verbo é unha das categorías gramaticais que mellor nos permite observar como funciona unha lingua e, neste caso, o goianés.

3.5.1. A vocal radical (VR)

Das tres conxugacións, a pesar do paralelismo que se aprecia en todas elas co galego, é a segunda a que serve de referencia máis clara para poder delimita-las afinidades desta fala co sistema galego.

- Na primeira conxugación hai un grupo de verbos que presentan alternancia entre un ditongo nas formas rizotónicas e un [e] nas arrizotónicas, tal como este modelo: *liavo, liavas, liava, levamos, levais, liavan; lieve, lieves, lieve, levemos, leveis, lieven; liava* ti, *levai* vós. Como xa indiquei anteriormente o resultado do ditongo depende dos elementos fónicos de final de palabra.

Outro grupo de verbos non presentan alternancia porque teñen vocal semipechada en tódalas persoas, tal como: *merendo, merendas, merenda, merendamos, merendais, merendan; merende, merendes, merende...; merenda* ti...

Só uns cantos verbos teñen como VR un ditongo en todo o paradigma, son **quientar** e **asientar**: *quianto, quiantas, quianta, quientamos, quientais, quiantan...*

- Na terceira conxugación, os que teñen [e] como VR, tal como **medir** ou **pedir**, non diverxen do resto do galego porque trocan o [e] en [i] nas formas rizotónicas do Pr. Ind., Imp. e todo o Pr. subx.: *mido, mides, mide,...* *miden; mida, mida,*

¹¹ Sobre a adaptación fonética das interferencias do castelán no galego pódese consultar, entre outros, o traballo de Porto Dapena, 1977, p. 16.

mida, ...; mide ti. Tamén seguen este paradigma aqueles verbos que a nivel galego presentan tripla alternancia no vocalismo radical, como **sentir, servir, seghir, ferir e mentir**: *sinto, sintes, sinte... sinten*. Con todo, nalgúns falantes aínda puiden rexistrar un paradigma con tripla alternancia nos verbos **mentir e servir**: *sirvo, sierves, sierve, servimos, servís, sierven...; minto, mientes, miente...*

• Na segunda conxugación o que máis destaca é que as persoas que presentan a VR ditongada son as mesmas que non galego teñen unha vocal semiaberta.

Temos, polo tanto, moitos verbos con VR [e], tipo **beber, defender** que se conxugan con dupla alternancia vocálica nas formas rizotónicas: [e] na p1, Imp. e todo o Pres. subx. e ditongo na p2, p3 e p6 do Pres.ind., igual ca estes modelos: *bebo, biēbes, biebe, bebemos, bebeis, biēben; beba, bebas, beba, bebamos, bebais, beban; bebe ti; defendo, defiēdes, defiēde, defendemos, defendeis, defiēden; defenda, defendas, defenda, ... defendan*. Mesmo verbos en **-ecer**, tipo **parecer**: *parezo, parieces, pariece, parecemos, pareceis, pariecen; pareza, parezas*.

Hai tan só un pequeno grupo de verbos que non presentan alternancia vocálica entre as formas rizotónicas do Pres. ind., como **crer e ler**, porque teñen [e] como VR en todo o paradigma; ou, como **quiecer e esquiecer**, porque teñen un ditongo: *quiaz, quieces, quiece, quiecemos, quieceis, quiecen; quiaza, quiazas, quiaza, quiezamos, quiezais, quiazan*. Estes poucos verbos con ditongo non resultan estraños se temos en conta que no galego presentan unha vocal semiaberta [ɛ] como VR¹².

3.5.2. A vocal temática (VT)

Nos perfectos fracos obsérvase unha total ligazón do goianés co galego porque a VT é un [e]: *bebemos, bebestes, beberon; comemos, comestes, comeron*. Nos perfectos fortes con T´ de perfecto diferente ó T de presente, a VT é un ditongo: *pudiamos, pudieses, pudiaron/ pudia/ pudiese; tuviamos, tuviestes, tuvieron/ tuviara/ tuviese; anduivamos, anduivestes, anduivaron/ anduivara/ anduivese*.

Para explica-la ditongación da VT só nos perfectos fortes temos que partir indiscutiblemente dunha etapa, cronoloxicamente difícil de precisar, en que o sistema verbal galego estivese xa perfilado e a VT do T´dos verbos regulares da CII estivese perfectamente homoxeneizada coa do tema de presente, e só se conservase a VT [ɛ] nos verbos irregulares¹³.

Insisto en que debemos partir dunha etapa en que xa estivese plenamente desenvolvido o sistema verbal en toda a área galega, porque os resultados goianeses diferéncianse moito dos resultados de falas asturianas ou leonesas. Nestes romances hispánicos

¹² Santamarina, 1974, p. 13.

¹³ Segundo Santamarina, 1974, pp. 54-61, a vocal debía ser unha vocal de timbre aberto porque así o demostran tanto os exemplos do leonés (*corriemos, corriestis*) coma os do castelán antigo (*vençemos, vençiestis*), ademais do seu mantemento en zonas conservadoras do galego exterior: *vendemos, vendestes, venderon / vendera / vendese*.

ditongou tanto a VT dos verbos regulares (*comiemos, comiestes, comieron*) coma o dos verbos irregulares (*supiemus, supiestis, supieno*), e ademais teñen ditongo na CIII por analoxía cos da CII: (*dormiemos, dormiestis, dormieron*).

4. É PARECIDO PERO NON É IGUAL

Recapitulando o anteriormente exposto e á vista dos resultados obtidos na miña investigación sobre esta variante diatópica, creo conveniente defender unha hipótese diferente á sostida por M. Fernández Rodríguez quen opina que: “la zona donde se produce dicho fenómeno ha sido objeto de una colonización por gentes lejanas en los primeros siglos de la Reconquista, los cuales, por los caracteres lingüísticos señalados, deberían proceder de las tierras de Asturias o de León, (...) si es que non eran mozárabes”. Relaciónala ditongación goianesa coa que se deu noutras falas afastadas, quizais con afán de realza-lo misterio dun fenómeno illado a nivel galego, é unha teoría pouco consistente porque non parte dunha análise lingüística sistemática nin ten en conta cales son as súas características internas. Unicamente se fixou nalgunhas das coincidencias máis rechamantes (o pronome persoal *iou*, os posesivos *miou, tiou, siou*, ou a similitude na pronuncia da variante homorgánica [*je*] do ditongo), e esqueceu investiga-las diferencias, que son moitas e moi importantes.

Cando se comparan os sistemas lingüísticos do asturiano e do goianés, e non unha lista de palabras illadas, sae á luz que os resultados desta fala son fiel reflexo do que ocorreu no sistema lingüístico galego, tal como xa comentei no epígrafe anterior sobre os verbos.

Tamén se poden descubrir importantes diferencias noutros casos. Por exemplo, no goianés non sufriron ditongación aquelas formas inflexionadas por metafonía de -o final (*morcego, xerelo*), ou por un -n implosivo (*alento, dente, tenda*); e tamén ditongaron outras palabras que, por distintas causas, se pronuncian con timbre aberto a nivel galego (*iala bodiagha, miada ; coriasma, criado, criagho, espiara, papel, sartián*, etc.).

En falas leonesas ou asturianas, en cambio, si ditongaron palabras rematadas en -o (*miedu, murcienganu*), ou palabras coa vocal tónica trabada por consoante nasal (*diente, tiempo, simiente*); e non ditongaron formas rematadas en -a, que si o fixeron no goianés (*bodiagha*).

En fin, polo feito de que primeiramente se desen as nivelacións verbais e as mudanzas de timbre de [e] para [ɛ] ou de [ɛ] para [e] a nivel galego, é de supor que se trata dunha ditongación xerada aquí e que non veu de fóra nos tempos das repoboacións asturianas, tal como defende M. Fernández Rodríguez. Tamén avala a miña hipótese o feito de que afectase a palabras de entrada máis recente (préstamos cultos ou doutras linguas), e a algunhas interferencias do castelán (*sartián*). É moi dubidoso, por non dicir imposible, que sexa un fenómeno antigo procedente doutros romances hispánicos, que

se mantivese con vitalidade só nesta fala do Baixo Miño, que sempre se transmitiu tan só a nivel oral a través de moitas xeracións.

Ó mellor non hai que ir tan lonxe nin no tempo nin no espacio porque moi preto témo-las ditongacións que se produciron nalgunhas falas do portugués do norte, en especial a do [ɛ] tónico (*cobiérta, paniéla, quiéro, tiérta, amariélo, piédra, fiésta, piérna*¹⁴) xa que segundo indica M^a Helena Santos Silva¹⁵ é unha ditongación frecuente en Barcelos, Póvoa de Varzim, Fafe, Ponte da Barca, Caminha, Melgaço, etc. O que non podo aclarar, de momento, é ata onde chegan de verdade as coincidencias co goianés, pois os traballos consultados só citaban listas de exemplos con pouca sistematización.

Por outra parte, non debemos deixar de lado un fenómeno que se dá en falas galegas próximas a esta: a cerrazón do [ɛ] tónico, especialmente se a palabra remata en *-e*¹⁶. É un cerramento vacilante porque non se dá con uniformidade, nin de maneira fixa en tódalas parroquias; mesmo nalgún caso é difícil percibir se estamos realmente ante un fonema de abertura media semipechado ou semiaberto. Sería interesante analizar con máis detalle o sistema vocálico nestas falas, en especial para ver se se manteñen os lindes de separación entre os dous fonemas de abertura media /e/ - /ɛ/ e analizar porque se dá esa vacilación ou inestabilidade no timbre vocálico só na serie das anteriores, xustamente onde se produciu a ditongación goianesa.

5. REMATE

A fala de Goián, á parte da ditongación, mantén coma outras falas galegas ou portuguesas trazos arcaicos (**le** como pronome átono CI, **falar en...**) ó mesmo tempo que presenta novidades: pechamento das vocais de abertura media ante consoante nasal (**dente**, **tempo**), metafonía do *-a* final (**hora**).

Comparte, ademais, algunhas características particulares con falas veciñas de alén e aquén Miño¹⁷, como o uso do sufixo **-eiro** individualizador (*palleira, silveira, granceiro, areeira, arroceiro...*), ou parte do léxico (**anxiño, bochecha, ghavexo, parteleira**,

¹⁴ Exemplos citados por Leite de Vasconcellos, 1970, p. 80 e 1928, p. 174.

¹⁵ Santos Silva, 1961, pp. 309-321.

¹⁶ Fenómeno xa comentado por Fernández Rei, 1982, pp. 260-261. Para máis datos pódese consultar Pousa Ortega, 1987, pp. 88-93.

¹⁷ Aínda que se aprecian diferencias importantes entre as falas de ámbalas marxes do río Miño a nivel fónico e morfolóxico, tamén temos moitos elementos en común; por iso, comparto en grande parte estas palabras de Leite de Vasconcelos, 1928, p. 362: “Quando se trata de regiões vizinhas, é às vezes impossível fazer classificação linguística rigorosa. Tanto pode considerar-se uma fala como pertencente ao grupo A, como ao grupo B. Ninguém entre Elvas e Badajoz confundiria o falar de Hespanha com o falar de Portugal; mas quem é que na raia sêca de Melgaço separaria nitidamente em certos casos o falar popular da Galiza do falar popular do Minho?”.

pirú, xuradía, etc.)¹⁸. E concorda coa lingua estándar portuguesa no uso do demostrativo neutro **tudo**, o **teísmo**, o indefinido **niñún**, o adverbio de lugar **perto (piarto)**, a construción **ir de** avión, o emprego de **fundo** como substantivo, a distinción semántica entre **longo/largo**, etc., etc.

Trátase, polo tanto, dunha fala de a cabalo entre o galego do sur e o portugués do norte. Non se trata dun illote no medio do mar lingüístico galego; é unha interesante ponte, igual ca todo o Baixo Miño, da que se poden tirar moitos elementos que axuden á fixación dunha lingua estándar que olle para ámbolos lados do pai Miño.

BIBLIOGRAFÍA XERAL

- Corominas, J. / Pascual, J. A., *Diccionario etimológico castellano e hispánico*, 6 vols., Madrid, Gredos, 1980-1991.
- Fernández Rei, F., “Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno”, *Grial* 77, 1982, pp. 257-298.
- *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1990.
- Fernández Rodríguez, M., “El habla de Goyán”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, xxiv, 1969, pp. 193-205.
- *Goyán. (Esquema histórico)*, separata de *El museo de Pontevedra*, xx, 1958, pp. 1-27.
- Inês Louro, J., “Metafonía do e tónico em Português”, *Boletim de Filologia*, xviii, Lisboa, 1959, pp. 105-113.
- Leite de Vasconcellos, J., *Opúsculos*, vol. II, Coimbra, 1928.
- *Esquisse d'une Dialectologie Portugaise*, 2ª ed. preparada por Mª A. Valle Cintra, Centro de Estudos Filológicos, Lisboa, 1970.
- Nunes, J. J., *Compêndio de gramática histórica portuguesa. Fonética, Morfologia*, Lisboa, Livraria Clásica, 1967⁷.
- Porto Dapena, J. A., *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Anexo 9 de *Verba*, Santiago de Compostela, 1977.
- Pousa Ortega, H., *A fala de Goián. Estudio descriptivo*, Universidade de Santiago de Compostela, 1987, inédita.
- Santamarina, A., *El verbo gallego*, Anexo 4 de *Verba*, Santiago de Compostela, 1974.
- Santos Silva, Mª H., “Características fonéticas do falar minhoto”, *Boletim de Filologia*, xx, 1961, pp. 309 -321.
- Silva Neto, S. da, *História da Língua portuguesa*, Rio de Janeiro, Presença/Mec, 1973³.
- Weinreich, U., *Lenguas en contacto. Descubrimientos y problemas*, Universidad Central de Venezuela, 1974.
- Williams, E. B., *Do latim ao português. (Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa)*, Rio de Janeiro, Tempo Brasileiro, 1975³.

¹⁸ Na mesma orde en que as cito significan: neno que morre antes do sete anos; fazulas; recipiente para transportar cachos na vendima ou outra cousa; tarima onde se gardan patacas e outras cousas nas bodegas; pavo; circunscrición, vestixio dunha institución medieval ou algo máis antiga, que se lembra na parroquia de San Miguel, en Tabagón, e nas terras veciñas de Melgaço).